

RESOLUCIÓN

ASUNTO: SERVICIOS MINIMOS: FOLGA

EXPEDIENTE:2026/X998/000002

Logo de convocar para o día 30 de xaneiro de 2026 unha folga que afectará a todas as actividades de todos os empregados da Administración Pública, é necesario o establecemento dos servizos mínimos tras a reunión mantida pola Corporación coa representación sindical para a fixación dos mesmos. Para fundamentar a esencialidade do servizo, debe cuestionarse, caso a caso, se, no suposto de non disporse o mantemento dos servizos mínimos, se pode ocasionar un mal á comunidade máis grave que o que os folguistas sofren coa limitación do seu dereito, por ser a comunidade a destinataria do servizo e ser, tal servizo, esencial para ela. Se se conclúe que si, o dereito de folga debe ceder, nesa medida.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Establecer os servizos mínimos seguintes, coa finalidade de garantir o funcionamento dos servizos esenciais á comunidade, durante a xornada de folga convocada para o día 30/01/2026 (en horario de 10:00 a 14: 00 horas) á que están chamados a participar os traballadores e empregados públicos do Concello de Cariño:

-Área de servizos sociais: SAF dependencia: 1 auxiliar do servizo de axuda no fogar. Todas as persoas con grao 3 de dependencia (que non teñan familia) garantiránse os seguintes servizos:

- aseo
- comidas
- medicacións

SEGUNDO: Deberase comunicar ao Servizo de Persoal e ao departamento afectado a relación nominal das persoas que deban prestar os servizos mínimos establecidos no apartado anterior.

TERCEIRO: O incumprimento da obriga de atender aos servizos mínimos será sancionado de conformidade co previsto na normativa aplicable.

CUARTO: Non procederá limitación do exercicio do dereito de folga fóra do establecido no presente acordo.

QUINTO: O responsable dos distintos departamentos colaborarán co departamento de Persoal para resolver cantas dificultades poidan xurdir no desenvolvemento dos servizos mínimos así como a achega de datos estatísticos cando sexan solicitados, cumprimentando a relación do persoal que non asista ao

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

traballo o día 30/01/2026, aos efectos dos descontos correspondentes, garantindo a prestación dos servizos necesarios para a seguridade das persoas, mantemento de locais, maquinaria, instalacións e o exercicio do dereito ao traballo.

SEXTO: Dar publicidade a este acordo no taboleiro electrónico municipal.

En Concello de Cariño, 26 de xaneiro de 2026

A Alcaldesa

Ana María López Fernández

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

Paxina 2 | 2